

## **NORMATIVA DE CENTROS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

### **VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN**

(Aprobada en Consello de Goberno de 8 de febreiro de 2012)

#### **LIMIAR**

A Universidade de Vigo ten por compromiso estatutario acadar as máximas cotas de calidade investigadora promovendo a investigación como medio para o desenvolvemento científico e cultural da sociedade. Dentro das estratexias de I+D da Universidade de Vigo teñen especial importancia aquelas relacionadas co fortalecemento institucional nunha serie de áreas nas cales a Universidade de Vigo ten especiais fortalezas ou existen vocacións e oportunidades ligadas ó entorno social ou económico. Ao abeiro do Art. 136 dos Estatutos, a Universidade pode promover a creación de estruturas de investigación, co obxectivo de proporcionar as infraestruturas necesarias para manter e mellorar o nivel científico acadado, proporcionar valor engadido e vantaxes competitivas para a captación de recursos externos, e subministrar servizos centralizados a esta e outras universidades, centros de investigación públicos ou privados, asociacións e empresas. Neste obxectivo, os Centros de Apoio á Investigación ofrecen apoio de carácter científico e tecnolóxico aos investigadores e investigadoras da Universidade, de outros organismos públicos de investigación e as empresas, e proporcionan equipos e instalacións cuxa especificade, alto nivel tecnolóxico ou custo facen aconsellable a súa adquisición e mantenza de xeito centralizado.

Outro obxectivo fundamental nas estratexias da Universidade e o desenvolvemento dos grupos de investigación, que poden dar un paso cara a unha maior complexidade organizativa que permita mellorar as sinerxías, a captación de talento e a masa crítica. Para isto os grupos de investigación altamente competitivos, de gran proxección, e cunha alta capacidade de captación de recursos externos poden precisar de instrumentos organizativos que lle permitan desenvolver o seu potencial, de xeito que se poidan incluír ou agrupar en torno a Centros Singulares de Investigación, Centros Mixtos de Investigación ou Centros Tecnolóxicos.

A presente normativa ten por obxecto marcar as pautas xerais de funcionamento dos Centros de Apoio á Investigación, sen detrimento de que estes poidan desenvolver normativas máis detalladas de funcionamento interno adaptadas ás súas respectivas especificidades.

## CENTROS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN

### CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

#### Artigo 1. Concepto

Un Centro de Apoio á Investigación da UVIGO (en adiante CAI) ten como obxectivo prestar apoio instrumental, científico e tecnolóxico en tódolos ámbitos de coñecemento nas labores de investigación, desenvolvemento e innovación que se realicen na Universidade de Vigo, outros organismos públicos de investigación e empresas, proporcionando equipos e instalacións cuxa especificidade, alto nivel tecnolóxico ou custo facen aconsellable a súa adquisición e mantenza de xeito centralizado.

Os CAI adscribiranse ás Vicerreitorías de Investigación ou de Transferencia do Coñecemento da Universidade de Vigo, en función da súa especialización, agás aqueles que ben por razóns debidas a súa singularidade ou operatividade aconselle que se adscriban as Vicerreitorías dos Campus de Ourense ou Pontevedra.

#### Artigo 2. Funcións

Serán funcións fundamentais dos CAI as seguintes:

- a) Prestar apoio nas labores de investigación e desenvolvemento que se realicen na Universidade de Vigo nos ámbitos de actividade do Centro.
- b) Dinamizar a prestación de servizos a Organismos ou Entidades públicas ou privadas do seu contorno xeográfico e social que así o soliciten.
- c) Realizar informes, traballos de carácter científico e tecnolóxico ou actividades específicas de formación para Organizacións ou Entidades públicas ou privadas, de xeito independente ou en colaboración con grupos de investigación da Universidade, mediante o desenvolvemento de contratos, proxectos ou convenios de investigación de conformidade cós procedementos legalmente establecidos.

### CAPÍTULO II. CREACIÓN

#### Artigo 3. Creación

A iniciativa do Equipo de Goberno da Universidade, o Consello de Goberno iniciará o expediente de creación dun Centro de Apoio á Investigación, despois de oír o informe económico da Xerencia.

Para a creación dun Centro de Apoio á Investigación, teranse que cumprir os seguintes requisitos:

- a) Identificación e xustificación da necesidade de infraestruturas específicas (equipamentos, espazos) xestionadas de xeito centralizado
- b) Plan Estratéxico
- c) Informe de viabilidade económica favorable
- d) O Plan Estratéxico e o informe de viabilidade económica deberán ser avaliados favorablemente por un comité de expertos externos, formado por investigadores e investigadoras de recoñecido prestixio, designado pola Vicerreitoría de Investigación

A creación dun CAI non presupón a súa centralización física nin a vinculación a novos espazos. Poderán ter mais dunha sede, e mesmo poderán responder exclusivamente a estruturas organizativas de recursos humanos e equipamento científico sen sede física propia. Un servizo será considerado de carácter xeral cando o seu nivel de coordinación ou de actuación supere o ámbito dun Departamento, Centro e Campus. O carácter xeral dun Servizo non presupón a súa centralización

física, asegurando, en todo caso, que a dirección, coordinación e xestión dos aspectos básicos do servizo sexan efectuados por instancias centrais. Cada servizo deberá ter o cadro de persoal necesario e coa cualificación adecuada para que sexa xestionado e administrado con eficacia.

A proposta para a creación do CAI será presentada na Vicerreitoría de Investigación a efectos de que se presente na Comisión de Investigación quen iniciará o procedemento para elevalo se procede ao Consello de Goberno.

### **CAPÍTULO III. ESTRUCTURA**

#### **Artigo 4. Organización**

Os CAI estarán formados por:

- a) Director ou Directora
- b) Unha Comisión Xestora
- c) Servizos e/ou Unidades conformadas polo persoal especializado propio do Centro encargado do servizo centralizado correspondente e/ou os grupos de investigación implicados no Centro.
- d) O persoal de administración e servizos contratado para la xestión xeral do CAI, se procede.

#### **Artigo 5. O Director ou Directora**

Informado o Consello de Goberno, o reitor ou reitora nomeará a persoa que ocupe a dirección do centro, entre persoal con titulación superior, preferentemente de doutor ou doutora con vinculación permanente á Universidade de Vigo.

O Director ou Directora será responsable do cumprimento dos fins para os que se constituíu o CAI destacando, entre as súas funcións, as seguintes:

- a) Ostentar a representación do centro
- b) Exercer a dirección e xestión ordinaria do mesmo, tanto no relativo ao persoal propio do CAI coma aos de utilización dos equipamentos.
- c) Orientar os usos do centro e realizar as tarefas de interlocución cos seus usuarios e usuarias.
- d) Propoñer á Vicerreitoría de Investigación, se e o caso, as tarifas para a utilización de determinados equipamentos e espazos do CAI que deberán ser aprobadas polo Consello de Goberno, por proposta da Comisión de Investigación, baseándose en criterios obxectivos de custo.
- e) Presentar á Vicerreitoría de Investigación as solicitudes das necesidades, tanto humanas como materiais, necesarias para o correcto funcionamento do CAI.
- f) Impulsar e fomentar as relacións do CAI coas Institucións, cos Organismos Públicos e coas empresas para promover a rendibilidade científica dos investimentos.
- g) Desenvolver iniciativas que contribúan ó financiamento parcial ou total dos custos de funcionamento do CAI, en particular con financiamento externo á Universidade de Vigo.
- h) Elaborar unha memoria anual, económica e de actividades, que será remitida á Vicerreitoría de Investigación para a súa correspondente difusión na comunidade científica.
- i) Executar o orzamento do CAI.
- j) Aquelas outras que lle poidan ser conferidas pola regulamentación vixente.

## **Artigo 6. A Comisión Xestora**

A Comisión Xestora, elixida pola Comisión de Investigación, informando ao Consello de Goberno, estará integrada por:

- a) Director ou Directora do CAI, que a presidirá
- b) Representantes das persoas usuarias do CAI
- d) Representantes do persoal das Unidades e/ou Servizos do CAI, se procede

O número e afiliación de cada representante das persoas usuarias e do persoal propio estará definido na normativa de funcionamento interno desenvolvida en cada CAI. En todo caso, a composición da Comisión Xestora deberá respectar o principio de presenza equilibrada de mulleres e homes na súa composición salvo razóns fundadas e obxectivas debidamente motivadas.

Actuará como secretario ou secretaria o membro mais novo da Comisión.

A Comisión Xestora deberá reunirse polo menos unha vez ao semestre ou cando ou director ou directora a convoque e, en todo caso, cando así o soliciten un vinte por cento das persoas que a integran. O seu funcionamento rexeráse polas normas que aproben no seu seo.

As competencias da Comisión Xestora son as seguintes:

- a) Velar polo cumprimento desta normativa, e pola calidade, independencia, imparcialidade e integridade das actividades do CAI.
- b) Elaborar e actualizar unha normativa de funcionamento interno e elevala ao Consello de Goberno para a súa aprobación, previo informe da Comisión de Investigación.
- c) Establecer os criterios para a organización de actividades e para a utilización das infraestruturas do CAI.
- d) Impulsar e fomentar as relacións do CAI coas Institucións, ou Organismos Públicos e as empresas para promover a rendibilidade científica dos investimentos.
- e) Elaborar propostas para acadar financiamento externo para o CAI
- f) Propoñer melloras nas prestacións e no funcionamento do CAI
- g) Resolver os conflitos que poidan derivarse do uso incorrecto dos espazos e instalacións.
- h) Propoñer modificacións á estrutura en Servizos e/ou Unidades do CAI á Vicerreitoría de Investigación para a súa aprobación na Comisión de Investigación.

## **Artigo 7. Os Servizos e Unidades**

De cara ó seu funcionamento, o CAI estará estruturado en Servizos e/ou Unidades formadas polo persoal especializado e/ou os grupos de investigación implicados no Centro implicados no servizo correspondente.

Cando as necesidades derivadas do seu funcionamento así o aconsellen, o organigrama de estruturación en Servizos e Unidades do CAI poderá ser modificado a proposta da Comisión Xestora.

## **CAPÍTULO IV. SERVIZOS, FUNCIONAMENTO E ESPAZOS DO CAI**

### **Artigo 8. Servizos**

O CAI prestará servizos de apoio ás actividades investigadoras de docentes, persoal investigador e persoal en formación da Universidade de Vigo, así como calquera Organismo ou entidade pública ou privada que o solicite á Vicerreitoría de Investigación.

A utilización dos servizos do CAI implica que as persoas usuarias asumen a normativa de funcionamento de cada un dos CAI e acatan as instrucións específicas de utilización de instalacións e equipos recibidas polo persoal do CAI responsable das mesmas.

#### **Artigo 9. Tipos de Espazos**

Os CAI poderán contar con tres tipos de espazos: zonas susceptibles de cesión a grupos de investigación, zonas comúns, e zonas de acceso restrinxido accesibles só baixo a supervisión do persoal do CAI.

#### **Artigo 10. Cesión de espazos a grupos de investigación da Universidade de Vigo**

Os espazos do CAI poderán cederse a grupos de investigación. A tales efectos, no momento da creación do centro, a Comisión de Investigación realizará unha convocatoria pública na que se establezan as bases para a selección de aspirantes de acordo cos criterios establecidos pola Comisión de Investigación.

Unha vez se constitúa o CAI, será a súa Comisión Xestora a que estableza, coa aprobación da Comisión de Investigación, as bases para a adxudicación de peticións de novos espazos. A cesión de ditos espazos a grupos de investigación será por un máximo de 3 anos renovables, e o Centro formalizará un convenio cos grupos de investigación no que se tipificarán os acordos específicos para a utilización, contraprestacións económicas e criterios de renovación.

A concesión de espazos no CAI leva aparellado:

- o uso en exclusiva do espazo asignado por parte do persoal do grupo mencionado na solicitude
- o dereito de acceso ás áreas comúns do CAI por parte do persoal do grupo mencionado na solicitude
- o dereito de uso compartido do equipamento científico común do CAI por parte do persoal do grupo mencionado na solicitude

Previa motivación razoada á Dirección, consultada a Comisión Xestora, pode interromperse o uso e gozo das instalacións se este non se adapta ao funcionamento e obxectivos do CAI ou se existe unha infrutilización prolongada no tempo dos espazos concedidos aos grupos.

#### **Artigo 11. Cesión de espazos a persoal investigador externo á Universidade de Vigo**

A cesión de espazos no CAI a grupos externos á Universidade de Vigo esixirá o establecemento dun Convenio específico de colaboración entre a institución solicitante e esta Universidade nos que se definan os termos e o alcance das actividades que se levarán a cabo, e que deberá ser aprobado pola Comisión de Investigación a proposta de Comisión Xestora.

Se o gozo das instalacións non se adapta ao funcionamento e obxectivos do CAI ou se existe unha infrutilización prolongada no tempo dos espazos concedidos aos grupos pode denunciarse o Convenio.

#### **Artigo 12. Uso de espazos comúns por persoal investigador visitante**

Os CAI poderán dispoñer dun número de prazas limitadas para uso das súas zonas comúns por persoal investigador da Universidade de Vigo non pertencente a ningún dos grupos de investigación que o integran, ou por parte de persoal investigador de outras institucións con fines de investigación.

A solicitude para o uso destas instalacións deberá ser dirixida polo investigador ou investigadora solicitante ou responsable da invitación á Dirección do CAI facendo constar polo menos os datos persoais do persoal investigador visitante, cobertura sanitaria, motivación da solicitude, plan de traballo durante a visita e duración da mesma, infraestrutura aportada por quen sexa solicitante, de

ser o caso, e estima dos residuos tóxicos que serán xerados polas actividades propostas, de ser o caso.

A Dirección emitirá un informe sobre a pertinencia da solicitude que elevará á Vicerreitoría de Investigación para a súa aprobación pola Comisión de Investigación.

Aprobada a solicitude, os investigadores ou investigadoras visitantes terán asignado no CAI durante o período da visita o dereito de acceso ás áreas comúns e o dereito de uso compartido do equipamento científico común do CAI nos termos e condicións estipulados polas persoas responsables da mesma.

O persoal investigador visitante deberá satisfacer as contraprestacións económicas que se especifiquen na normativa de funcionamento interno do CAI.

### **Artigo 13. Equipamento**

Están afectos ó CAI os bens e equipos adscritos a cada un dos Servizos e ou unidades que figurarán nun Anexo da normativa de cada centro. Considéranse incorporados a dito anexo todos aqueles bens e equipos que no futuro sexan adquiridos con presupostos destinados ó CAI ou sexan asignados a el.

## **CAPÍTULO V. XESTIÓN DOS RECURSOS ECONÓMICOS E FUNCIONAMENTO ADMINISTRATIVO**

### **Artigo 14. Orzamento**

Os CAI terán ferramentas de xestión económica propia, para o que se poderá asignar aplicacións orzamentarias nas que se poidan reflectir os ingresos e gastos derivados da súa actividade, de ser o caso.

### **Artigo 15. Gastos de mantenza**

Os gastos de mantenza das instalacións e equipos do CAI necesarios para o seu correcto funcionamento serán sufragados con cargo ás súas aplicacións orzamentarias.

Os custes xerados polo uso das infraestruturas do CAI cubriranse cunhas tarifas baseadas en criterios obxectivos de custe e a condición do usuario ou usuaria. Para isto último defínense tres categorías:

- I: Persoal usuario interno: membros da Universidade de Vigo
- II: Persoal usuario externo de institución pública ou privada sen ánimo de lucro
- III: Persoal usuario externo do sector privado

Ditas tarifas serán aprobadas anualmente polo Consello de Goberno, a proposta da Comisión de Investigación.

## **DISPOSICIÓN ADICIONAIS**

- 1a. Esta Normativa entrará en vigor ó día seguinte de ser aprobada polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo
- 2a. No momento de aprobación desta Normativa polo Consello de Goberno especificaranse os Centros xa existentes na Universidade aos que esta sexa de aplicación.
- 3a. Esta Normativa poderá ser modificada polo Consello de Goberno a proposta da Comisión de Investigación.
- 4a. O persoal usuario do CAI deberán mencionar nas súas publicacións a súa asociación ao mesmo e entregar unha fotocopia das mesmas para o arquivo do centro.

## **ANEXO**

### **CENTROS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

- **Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación (C.A.C.T.I.)**
- **Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT)**
- **Centro de Investigación, Transferencia e Innovación (CITI)**
- **Centro de Investigacións Biomédicas (CINBIO)**
- **Centro de Investigación Tecnolóxico Industrial (MTI)**